



INFORME VALORACION DE EXPERTOS PCO.001.2024.00062 CONTRATO DE SERVICIOS “MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DO ARBOREDO DO PAZO DE MARIÑÁN”

Por Resolución de Presidencia Nº 27042 con data do 26 de xuño de 2024 aprobouse a designación dos seguintes membros para a comisión de expertos:

María Dolores Pita da Veiga Vázquez: Enxeñeira Técnica Agrícola Servizo Arquitectura e Mantemento

María del Mar Martín Rey: Técnica de Prevención de Riscos Laborais

Rafael María Díaz-Aguado Jalón: Xefe de Servizo de P. Económica, Turismo e Emprego

CRITERIOS NON AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA

1.- Proposta de organización dos traballos : Ata 22 puntos

1.1. Metodoloxía de traballo: Ata 11 puntos

1.2.- Programa e organización do traballo: Ata 11 puntos

2.- Formación do persoal: Ata 18 puntos

2.1.- Cursos de trepa e poda arbórea: Ata 8 puntos

2.2.- Cursos de manexo de útiles e instrumental: Ata 5 puntos

2.3.- Cursos sobre patoloxías forestais: Ata 5 puntos

3.- Medios instrumentais que faciliten a xestión e o control do servizo: Ata 10 puntos

3.1.- Medios xerais que permitan xerar fichas de traballo e envío de incidencias: Ata 3 puntos

3.2.- Medios específicos para a xestión das árbores: Ata 7 puntos

Puntuación mínima esixible nesta fase: 25 puntos



CRITERIOS NON EVALUABLES DE FORMA AUTOMÁTICA									
EMPRESAS	PROPOSTA E ORGANIZACIÓN DOS TRABALLOS		FORMACIÓN DO PERSOAL				MEDIOS INSTRUMENTAIS INFORMÁTICOS QUE FACILITEN A XESTIÓN E CONTROL DO SERVIZO		TOTAL
	Ata 22 puntos	Ata 11 puntos	Ata 11 puntos	Ata 18 puntos	CURSOS		Ata 10 puntos	Ata 3 puntos	
	Metodoloxía	Programa organización	Robe e poda arborea	Manexo de útiles e instrumental	Patoloxías forestais	Medios para xerar fichas e envío incidencias	Medios específicos xestión árbores		
ARBOGAL, 2007 S.L.	9	8	8	5	5	3	6		44
ÁRBOL, INVESTIGACIÓN Y GESTIÓN	9	6	0,4	0,83	0	3	3		22,23

A Coruña, 22 de xullo de 2024

María del Mar Martín Rey

Rafael María Díaz-Aguado Jalón

María Dolores Pita da Veiga Vázquez

(Asinado dixitalmente)



ARBOGAL 2007,S.L.

PROPOSTA E ORGANIZACIÓN DOS TRABALLOS

Metodoloxía

A empresa iniciará o proceso con inspeccións visuais avaliando o estado estrutural das árbores.

Crearé unha ficha VTA (visual tree assessment) tendo en conta os seguintes criterios: biomecánicos, etapas e estadios, vitalidade, estado fitopatolóxico, competencia e condicións de emprazamento.

Aplicación de metodoloxía de diagnóstico e valoración de risco potencial considerando os valores condicionantes que deriven na elaboración dun plan de xestión para estes exemplares.

Descrición clara das actuacións operativas máis comúns neste tipo de mantemento.

Programa e organización do traballo

Partindo da inspección VTA crearanse as fichas de traballo que permitirán planificar as tarefas posteriores considerando a prioridade en función do risco que presente cada exemplar, o que supón o punto de partida para o Plan de Xestión, fundamental para a programación e a organización.

Para elaborar estas fichas darase prioridade aos exemplares máis singulares e/ou perigosos realizando un exame máis exhaustivo no caso de que se detecten defectos. Neste caso será necesaria a utilización de ferramentas mecánicas de verificación como o Arbotom e o resistógrafo, e mesmo a toma de mostras para analizar en laboratorio.

Todas estas fases levaríannos a coñecer o estado da árbore e os posibles riscos asociados permitindo establecer niveis de prioridade e as correspondentes actuacións.

Este Plan estará sempre actualizado para poder programar as mediadas correctas, presentando como prioridades a seguridade dos visitantes, a pervivencia do exemplar e o coñecemento das condicións vitais.

En canto á organización da empresa, esta comezará coas visitas e inspeccións previas por parte dos coordinadores para a posterior actuación dos arboristas, empregando para iso a aplicación propia onde se xera a tarefa categorizada en función da urxencia e que unha vez realizada permite asociar información complementaria como fotografías, informes etc., e dar por finalizada a actuación para que sexa revisada polos técnicos.

Presenta un cadro con todas as actuacións que se executarían durante o prazo de execución.

FORMACIÓN DO PERSOAL

Esta empresa xustifica a experiencia do persoal que podería adscribirse a este contrato mediante a presentación dos diplomas acreditativos de cursos a maiores dos esixidos por lei.

Presenta un total de 20 cursos de robe e poda arbórea, 12 de manexo de útiles e instrumental e 9 relativos a patoloxías forestais.

MEDIOS INSTRUMENTALES INFORMÁTICOS QUE FACILITEN LA GESTIÓN Y CONTROL DEL SERVICIO

Medios que permitan xerar fichas de traballo e o envío de incidencias.

Esta empresa conta cunha aplicación de xestión propia que permite xerar fichas de traballo e partes de incidencia e permite gardar todo tipo de documentos asociados ao conxunto das árbores.



Medios específicos para a xestión das árbores

Independientemente da creación de fichas de traballo e partes de incidencia a aplicación propiedade desta empresa permite o acceso a toda a información en tempo real relacionada coa xestión como seguimento, inventario, localización, etc.

Toda a información recompilada durante as fases de traballo estaría dispoñible en liña os 365 días podendo ter acceso mediante unha clave de seguridade

Esta aplicación poderíase ver mellorada se se acepta a proposta desta empresa de codificación das árbores do Pazo mediante etiquetas. Esta codificación podería ser unicamente numérica ou tratar de ampliarse con códigos QR.

Achega exemplos de etiquetaxe utilizados en diferentes plans de xestión.

ÁRBOL, INVESTIGACIÓN Y GESTIÓN

PROPOSTA E ORGANIZACIÓN DOS TRABALLOS

Metodoloxía

Explica no que consiste a VA derivada da VTA onde deberá terse en conta a densidade foliar, a estrutura de ramas e rebrotes, a madeira de reacción, os defectos en unións, codominancias, aerodinámica etc.

Propón a utilización de ficha básica cando o risco mecánico xerouse durante o mantemento e a ficha completa cando deba analizarse a posibilidade de rotura.

Presenta un cadro de metodoloxía de traballo en función do nivel de risco así como outros de clasificación do risco do defecto e de límites de risco e as recomendacións pertinentes.

Describe a avaliación instrumental avanzada destacando a valoración de defectos mecánicos internos, a valoración de rotura ou caída dunha árbore e as valoracións complementarias con software específicos e un cadro reflectindo a técnica para empregar o uso habitual e as correspondentes observacións.

Programa e organización do traballo

O programa non está suficientemente desenvolvido

O coordinador será o responsable das inspeccións mensuais, determinación de riscos, proposta de actuacións e entrega de informes.

Os traballos de arboricultura serán realizados por tres operarios especializados.

Neste apartado propón 1 coordinador ao que inclúe dentro do equipo operativo formando parte dos tres operarios esixidos.

No anexo nº 5 do prego de cláusulas administrativas en canto ao número de persoas que deben adscribirse ao contrato contémpase 1 coordinador e 3 operarios (serradores de 1ª).

FORMACIÓN DO PERSOAL

Esta empresa xustifica a experiencia do persoal que podería adscribirse a este contrato mediante a presentación dos diplomas acreditativos de cursos a maiores dos esixidos por lei.

Presenta un total de 1 curso de robe e poda arbórea, 2 de manexo de útiles e instrumental e ningún curso relativo a patoloxías forestais.



MEDIOS INSTRUMENTAIS INFORMÁTICOS QUE FACILITEN A XESTIÓN E CONTROL DO SERVIZO

Medios que permitan xerar fichas de traballo e o envío de incidencias.

A recollida de datos realizarase a través de software de posicionamento onde se atopa a ficha VTA incluíndo os campos de xestión necesarios como son: actuación, descripción, clasificación final de risco, urxencia de actuación, fotografía, actuación e data da mesma.

Os datos compartiranse coa dirección do contrato mediante Excel, informe PDF e Kmz (visualizador google earth)

A empresa posúe sistema compatible con GIS mediante formato shape

As avaliacións de risco pódense compartir o mesmo día mediante correo electrónico.

Medios específicos para a xestión das árbores

Os medios que utilizaría para a xestión do servizo son ferramentas que poden utilizarse noutras áreas non considerándoseas específicas para a xestión de arboredo. Non aclara se a dirección técnica do servizo tería acceso ao programa de xestión.